

FICHA DE PRESENTACIÓN DE UNA PREGUNTA PARLAMENTARIA  
CON SOLICITUD DE RESPUESTA ESCRITA (Artículo 130)

Elegir un solo destinatario:

PRESIDENTE DEL CONSEJO EUROPEO

CONSEJO

VICEPRESIDENTA / ALTA REPRESENTANTE

COMISIÓN

Pregunta prioritaria

AUTOR(ES): María Lía Senra Rodríguez

ASUNTO: Violación do dereito á liberdade de expresión no caso contra Carlos Santiago  
(especifíquese)

TEXTO:

Esta semana produciuse no Estado español un novo ataque propio da Inquisición da Idade Media e da caza de bruxas e de bruxos, ao coñecerse que a xustiza ven de admitir a trámite a querela presentada, pola Asociación Española de Avogados Cristiáns por presuntos delitos de injurias, incitación á discriminación e contra os sentimentos relixiosos, contra o coñecido humorista Carlos Santiago polo pregón que ofreceu na capital galega o pasado mes de febreiro para dar inicio ás festas do Entroido parodiando ao Apóstolo Santiago.

Tendo en conta ademais que o español é un Estado aconfesional, non considera a Comisión que un monólogo de humor contratado para as festas de Entroido dun Concello, como é o caso, forma parte do dereito á liberdade de expresión incluído na Carta de Dereitos Fundamentais da UE?

Ten algún tipo de constancia a Comisión sobre as actividades que desenvolve a Asociación Española de Avogados Cristiáns?

Que opinión ten a Comisión ao respecto de que en pleno século XXI siga habendo algúns países que recoñecen o delito de ofensas á relixión e incluso da blasfemia?

Firma(s):

Fecha: 22/10/2018

*ll = Lidia Senra*